

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 12 DE ABRIL DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnos.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira,
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Isabel Blanco Pico
D^a Elvira Amado López
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e cinco minutos do día doce de Abril de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnos, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Balnco Pico, Dona Elvira Amado López, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

Non asiste con excusa.

Non asiste á sesión, con excusa, a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona María del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

Secretaria:

D^a M^a del Pilar Acebes Ruano.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 1 DE MARZO DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de Marzo de 2007, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA REFERENTE Á PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO DO IGREXARIO (LIMODRE). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.-

Dáse conta do Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 10 de Abril de 2007 en relación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 ditaminou o seguinte:

“AO P PLENO DA CORPORACION

“Asunto: EXPEDIENTE INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO DO IGREXARIO (LIMODRE), ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 5 de Outubro de 2006 acordou resolver as alegacións presentadas no expediente de expropiación da obra: “Camiño do Igrexario (Limodre)” como obra incluída no proxecto de Pavimentación e Reurbanización de Camiños Municipais” do P.O.S. 2006, así como aprobar definitivamente a relación concreta, individualizada e valorada de dito exediente, según se indica a continuación:

Camiño de Igrexario (Limodre)

Finca núm 1:

Parcela referencia catastral: 25-72

Titular: xxxxxxxxxxx

Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)

Superficie a expropiar (m2) : 73

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 365 euros.

Outros bens: 210 euros

Valoración solo e outros bens: 575 euros

5% Premio de afección: 28,75 euros

Total valoración: 603,75 euros

Finca núm 2:

Parcela referencia catastral: 25-63

Titular: Vxxxxxxxxxxx

Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)

Superficie a expropiar (m2) : 29

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 87 euros.

Outros bens: 259 euros

Valoración solo e outros bens:346 euros
5% Premio de afección: 17,3 euros
Total valoración: 363,3 euros

Finca núm 3 :

Parcela referencia catastral: 25-260
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 54

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 162 euros.
Outros bens: 84 euros
Valoración solo e outros bens:246 euros
5% Premio de afección: 12,3 euros
Total valoración: 258,3 euros

Finca núm 4:

Parcela referencia catastral: 25-235
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 309

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 1.545 euros.
5% Premio de afección: 77,25 euros
Total valoración: 1.622,25 euros

Finca núm 5:

Parcela referencia catastral: 25-243
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) :158

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 474 euros.
5% Premio de afección: 23,7 euros
Total valoración: 497,7 euros

Finca núm 6:

Parcela referencia catastral: 25-244
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 55

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 165 euros.
Outros bens: 146 euros
Valoración solo e outros bens: 311 euros
5% Premio de afección: 15,55 euros
Total valoración: 326,55 euros

Finca núm 7 :

Parcela referencia catastral: 25-245
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 61

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 183 euros.
Outros bens: 136 euros.
Valoración solo e outros bens: 319
5% Premio de afección: 15,95 euros
Total valoración: 334,95 euros

Finca núm 8 :

Parcela referencia catastral: 25-246
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 51

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 153 euros.
5% Premio de afección: 7,65 euros
Total valoración: 160,65 euros

Finca núm 9 :

Parcela referencia catastral: 25-236
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 153

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 765 euros.
Outros bens: 348 euros
Valoración solo e outros bens: 1.113 euros
5% Premio de afección: 55,65 euros
Total valoración: 1.168,65 euros

Finca núm 10 :

Parcela referencia catastral: 25-247

Titular: xxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 44

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 168 euros.
Outros bens: 19 euros
Valoración solo e outros bens:187 euros
5% Premio de afección: 9,35 euros
Total valoración:196,35 euros

Finca núm 11:

Parcela referencia catastral: 25-248
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 56

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 168 euros.
Outros bens: 73 euros
Valoración solo e outros bens: 241 euros
5% Premio de afección: 12,05 euros
Total valoración: 253,05 euros

Finca núm 12:

Parcela referencia catastral: 25-249
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Igrexario(Limodre)
Superficie a expropiar (m2) : 10

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 30 euros.
Outros bens: 45 euros
Valoración solo e outros bens: 75 euros
5% Premio de afección: 3,75 euros
Total valoración: 78,75 euros

En base ao solicitado pola Subdirección Xeral de Relacións Xurídico-Administrativas coas Entidades Locais e desenvolvemento normativo sobre o expediente, compre para a súa aprobación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario de data 5 de Outubro de 2006, no senso de aprobar os expedientes de expropiación de forma individualizada, sin variar o resto do acordado no citado acordo de "EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN "PAVIMENTACIÓN E REURBANIZACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS" E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN".

Segundo.- Aprobar novamente os motivos xustificativos da expropiación polo procedemento de urxencia e que xustifican a utilización deste procedemento e solicitar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 1983 e de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados para a a execución das obras incluídas no proxecto de **CAMIÑO DO IGREXARIO (LIMODRE)** .”

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en votación ordinaria e con catro (4) votos a favor dos Sres. Pico Sanmartín, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez e unha (1) abstención da Sra. Fornos Corral que se reserva para o Pleno, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 anteriormente transcrita.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que se trata dun acordo que se conseguiu na Consellería para desbloquear este expediente de expropiación toda vez que está o camiño de Sixto Mauriz a Formosende que hai problemas para expropialo pola titularidade do terreo e se acadou un acordo coa Directora Xeral para sacar ese camiño da expropiación pois existen bastantes posibilidades de negocialo e seguir coa expropiación do resto dos camiños, pero como no anterior pleno aprobarase a expropiación conxunta hai que aprobar agora individualmente para deixar o outro camiño fóra, non varía para nada senón que se trata de deixar ese camiño fóra da expropiación para resolver mediante avenencia e o resto para seguir co trámite de urxente ocupación.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que están de acordo pero como xa dixeron na xunta de voceiros e nas comisións, que tamén o grupo de goberno se aplique para atopar canto antes unha solución a este camiño que queda fóra da expropiación que é o de Sixto Mauriz a Formosende e que se solucionen os problemas o mais pronto posible e se poida facer esa obra que estaba prevista xa hai un ano polo menos.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que como se trata dun proxecto en fase de execución van votar a favor.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA REFERENTE A PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO DE TRAS DO RÍO (BARALLOBRE). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.-

Dáse conta do Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 10 de Abril de 2007 en relación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 ditaminou o seguinte:

AO PLENO DA CORPORACION

Asunto: EXPEDIENTE INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO TRAS DO RÍO (BARALLOBRE), ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 5 de Outubro de 2006 acordou resolver as alegacións presentadas no expediente de expropiación da obra: "Camiño de Tras do Río (Barallobre)" como obra incluída no proxecto de Pavimentación e Reurbanización de Camiños Municipais" do P.O.S. 2006, así como aprobar definitivamente a relación concreta, individualizada e valorada de dito exediente, según se indica a continuación:

Camiño Tras do Río (Barallobre)

Finca núm 1:

Parcela referencia catastral: 55265-45
Titular: xxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 53

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 955,59 euros.
5% Premio de afección: 47,78 euros
Total valoración: 1.003,37 euros

Finca núm 1A:

Parcela referencia catastral: 55265-48
Titular: xxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) :13

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 234,39 euros.
5% Premio de afección: 11,72 euros
Total valoración: 246,11 euros

Finca núm 2:

Parcela referencia catastral: 55265-43
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 47

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 847,41 euros.

5% Premio de afección: 42,37 euros
Total valoración: 889,78 euros

Finca núm 3:

Parcela referencia catastral: 55265-44
Titular: Mxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 48

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 865,44 euros.
5% Premio de afección: 43,27 euros
Total valoración: 908,71 euros

Finca núm 4:

Parcela referencia catastral: 55265-47
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 31

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 558,93 euros.
5% Premio de afección: 27,95 euros
Total valoración: 586,88 euros

Finca núm 5:

Parcela referencia catastral: 55265-11
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 72

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 1.298,16 euros.
Outros bens: 319 euros
Valoración solo e outros bens: 1.617,16 euros
5% Premio de afección: 80,86 euros
Total valoración: 1.698,02 euros

Finca núm 6:

Parcela referencia catastral: 55265-12
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 47

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 847,41 euros.
Outros bens: 567 euros
Valoración solo e outros bens: 1.414,41 euros
5% Premio de afección: 70,72 euros
Total valoración: 1.485,13 euros

Finca núm 8:

Parcela referencia catastral: 55265-13
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 25

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 450,75 euros.
Outros bens: 435 euros
Valoración solo e outros bens: 885,75 euros
5% Premio de afección: 44,29 euros
Total valoración: 930,04 euros

Finca núm 9:

Parcela referencia catastral: 55265-14
Titular: Jxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 38

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 685,14 euros.
5% Premio de afección: 34,26 euros
Total valoración: 719,40 euros

Finca núm 10:

Parcela referencia catastral: 56261-7
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 29

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 638 euros.
5% Premio de afección: 31,90 euros
Total valoración: 669,90 euros

Finca núm 11:

Parcela referencia catastral: 55265-15
Titular: Jxxxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 34

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 613,02 euros.
5% Premio de afección: 30,65 euros
Total valoración: 643,67 euros

Finca núm 12:

Parcela referencia catastral: 56261-1
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño Tras do Río (Barallobre)
Superficie a expropiar (m2) : 462

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 8.329,86 euros.
5% Premio de afección: 416,49 euros
Total valoración: 8.746,35 euros

En base ao solicitado pola Subdirección Xeral de Relacións Xurídico-Administrativas coas Entidades Locais e desenvolvemento normativo sobre o expediente, compre para a súa aprobación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario de data 5 de Outubro de 2006, no senso de aprobar os expedientes de expropiación de forma individualizada, sin variar o resto do acordado no citado acordo de "EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN "PAVIMENTACIÓN E REURBANIZACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS" E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN".

Segundo.- Aprobar novamente os motivos xustificativos da expropiación polo procedemento de urxencia e que xustifican a utilización deste procedemento e solicitar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 1983 e de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados para a a execución das obras incluídas no proxecto de **CAMIÑO TRAS DO RIO (BARALLOBRE)**.

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en votación ordinaria e con catro (4) votos a favor dos Sres. Pico Sanmartín, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez e unha (1) abstención da Sra. Fornos Corral que se reserva para o Pleno, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 anteriormente transcrita."

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA REFERENTE A PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE

INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO DE LARANXEIRA (MANIÑOS). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.-

Dáse conta do Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, VIVENDA E INDUSTRIA

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 10 de Abril de 2007 en relación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 ditaminou o seguinte:

AO PLENO DA CORPORACION

Asunto: EXPEDIENTE INDIVIDUALIZADO DE EXPROPIACIÓN DA OBRA: CAMIÑO DE LARANXEIRA (MANIÑOS), ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 5 de Outubro de 2006 acordou resolver as alegacións presentadas no expediente de expropiación da obra: “Camiño de Laranxeira (Maniños)” como obra incluída no proxecto de Pavimentación e Reurbanización de Camiños Municipais” do P.O.S. 2006, así como aprobar definitivamente a relación concreta, individualizada e valorada de dito expediente, según se indica a continuación:

Camiño de Laranxeira (Maniños):

Finca núm 1:

Parcela referencia catastral: 53196-1
Titular: xxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 11

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 198,33 euros.
Outros bens: 58 euros
Valoración solo e outros bens: 256,33 euros
5% Premio de afección: 12,82 euros
Total valoración: 269,15 euros

Finca núm 2:

Parcela referencia catastral: 52181-4
Titular: xxxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 11

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 198,33 euros.
Outros bens: 45 euros
Valoración solo e outros bens: 243,33 euros

5% Premio de afección: 12,17 euros
Total valoración: 255,50 euros

Finca núm 3:

Parcela referencia catastral: 53196-5
Titular: xxxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 23

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 414,69 euros.
Outros bens: 253 euros
Valoración solo e outros bens: 667,69 euros
5% Premio de afección: 33,38 euros
Total valoración: 701,07 euros

Finca núm 4:

Parcela referencia catastral: 52181-5
Titular:xxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 24

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 432,72 euros.
5% Premio de afección: 21,64 euros
Total valoración: 454,36 euros

Finca núm 5:

Parcela referencia catastral: 21-831
Titular: xxxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 150

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 750 euros.
Outros bens: 45 euros
Valoración solo e outros bens: 795 euros
5% Premio de afección: 39,75 euros
Total valoración: 834,75 euros

Finca núm 6:

Parcela referencia catastral: 52181-6
Titular: xxxxxxxxxxxxxx
Situación: Camiño de Laranxeira. Maniños.
Superficie a expropiar (m2) : 102

Valoración a efectos de expropiación:

Valor do solo: 1839,06 euros.
5% Premio de afección:91,95 euros
Total valoración: 1931,01 euros

En base ao solicitado pola Subdirección Xeral de Relacións Xurídico-Administrativas coas Entidades Locais e desenvolvemento normativo sobre o expediente, compre para a súa aprobación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o acordo plenario de data 5 de Outubro de 2006, no senso de aprobar os expedientes de expropiación de forma individualizada, sin variar o resto do acordado no citado acordo de "EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN "PAVIMENTACIÓN E REURBANIZACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS" E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN".

Segundo.- Aprobar novamente os motivos xustificativos da expropiación polo procedemento de urxencia e que xustifican a utilización deste procedemento e solicitar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 1983 e de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados para a a execución das obras incluídas no proxecto de **CAMIÑO DA LARANXEIRA (MANIÑOS)** .

A Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria, en votación ordinaria e con catro (4) votos a favor dos Sres. Pico Sanmartín, Rodríguez Carballeira, García Bermúdez e unha (1) abstención da Sra. Fornos Corral que se reserva para o Pleno, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 3 de Abril de 2007 anteriormente transcrita."

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Vivenda e Industria de data 10 de Abril de 2007 anteriormente transcrito.

5º.- MOCIÓNS URXENTES.- Non se presentaron.

6º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 143 do 27 de Febreiro de 2007 e a número 282 do 4 de Abril de 2007.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen manifesta que teñen cinco rogos e preguntas. En relación co amaño de camiños que estase a facer nos últimos días no concello de Fene valoran por suposto e así o demandaron durante estes catro anos de legislatura o esforzo do goberno por manter en bo estado os diferentes viais do concello aínda que hai moitos que hai que amañar e pavimentar correctamente pois levan moitísimos anos en mal estado, en calquera caso si que rogaría que en futuras ocasións se teña en

conta o método de pavimentación destes camiños, porque estase a ver que incluso nalgunhas zonas tiñan un firme sólido e decente dende hai bastante tempo, cunha capa de aglomerado grosa e resistente, o que estase a facer é botar un fino rego asfáltico cunha capa considerable de gravilla enriba que o que está a facer por unha banda en certo modo mais perigosa a circulación pola abundancia de gravilla, e aparte polo que viron tamén noutras zonas onde se utilizou este sistema que realmente a duración no tempo e a efectividade destes amaños é bastante limitada porque en pouco tempo o camiño volve a estar en mal estado, co cal ao mellor teríase que durante catro anos planificar un pouco mais estes traballos en vez de facelos a última hora todos e que cada ano facer menos metros de camiños pero ben amañados e cun pavimento en boas condicións e resistentes. En segundo lugar quere preguntar sobre unha cuestión que saíu reflectida na prensa estes días sobre o paso soterrado entre a zona do Cruceiro e a Avda., Marques de Figueroa en Perlio, unha obra que o grupo socialista considera absolutamente necesaria, na prensa dicíase que o Alcalde mantivera unha reunión esta semana para falar do tema e pide si o Alcalde pode explicar o resultado desta reunión e tamén ofrecer a colaboración do grupo socialista para que tanto con Renfe como co Ministerio de Fomento, esta obra se poida concretar o mais axiña posible e se poida levar á práctica, pero que o fundamental é que o Sr. Alcalde explique no concello e non a través da prensa en que consistiron esas reunións e os acordos ou información recibida. Outra pregunta é que aproveitando que estase chegando á época de verán e de risco de incendios forestais, logo da campaña do ano pasado sobre todo a partir das inundacións que sufriron no outono no desbordamento do río Cádavo cando a motobomba que saíu tantas veces neste pleno, a motobomba que tiña o Concello de Fene estaba avariada, en varias xuntas de voceiros e cre que nalgunha comisión tamén, se falara de intención do grupo de goberno de a maiores desa motobomba se mirara a posibilidade e cre que tódolos grupos estaban de acordo, de adquirir unha motobomba mais pequena, mais sinxela que van instalada nun todoterreo e mais adaptada para as situacións que se viviron no concello de Fene e lle gustaría saber como están os trámites para a adquisición deste novo vehículo si é que se fixo. Tamén pregunta sobre os escombros que estanse a verter na parcela e no terreo que hai pola parte de atrás da praza verde do Ameneiral entre a Rúa Río Cádavo e o camiño das Cañotas, se o concello ten previsto tomar algunha medida para evitar que na zona urbana de Fene estén amontoados cascallos e lixo nunha zona que non está destinada para iso. A última pregunta é tamén en relación con algo que aparecía na prensa no día de hoxe e que segundo o xornal da Voz de Galicia que recollía declaracións de diferentes Alcaldes da comarca, deixábase como entrever unha certa inquedaanza, unha certa oposición do Alcalde de Fene á Lei de protección do litoral aprobada pola Xunta de Galicia hai uns meses que como sabemos o que pretende é protexer as nosas costas limitando ou non permitindo a construción a 500 metros da costa en tanto en canto os Concellos non teñan adaptado o seu plan de urbanismo á Lei do solo, é unha medida que en Fene, polas estimacións que eles teñen afecta unicamente ao 5% do chan que ten o Concello polo tanto e en todo caso a solución é que o concello adapte o seu plan de urbanismo á Lei do solo e lle gustaría coñecer aquí a posición do Alcalde ao respecto, si se corresponde co que parece que ven hoxe na prensa de que non está moi de acordo con esta medida ou si se corresponde co que ten manifestado outras veces e él particularmente lle ten escoitado de apoio e respaldo a esta medida que loxicamente o que pretende é ordenar a construción na nosa costa, protexer o litoral e en definitiva facer un urbanismo mellor no noso Concello e no conxunto do país.

Acto seguido toma a palabra o Sr. Alcalde para responder a dúas preguntas dirixidas a el, e en primeiro lugar manifesta que está de acordo en principio coa protección do litoral, eso foi o que dixo, o que pasa é que tamén dixo que fora feito un pouco apresurado, que está ben a protección pero que haberá nun futuro que chegar a acordos mais concretos e desenrolala dunha maneira moito mais racional, pero en principio a protección do litoral parécelle ben, e dicir que en Fene esta lei afecta a certas APES moi importantes en Fene, e que en principio

estaba de acordo pero que era necesario establecer unha vía de diálogo posterior cos Concellos para intentar facela un pouco mais racional e analizando situacións de cada Concello e non facela dunha maneira tan apresurada pero por suposto estando de acordo coa lei de protección en principio. En canto ao tema da reunión coa Dirección Xeral de Transportes, dicir que en principio comprometeuse enviar de novo, xa se entregou a múltiples directores xerais unha memoria valorada que fixera Proyfe por encargo do Concello hai moitos anos xa, valorada nese momento en catrocentos e pico mil euros que agora mesmo será bastante mais, e comprometeuse a mandala cunha proposta favorable a Madrid, pero dixo que en principio ese organismo estivo paralizado durante bastante tempo, un organismo tripartito, Fomento, Renfe e a propia Dirección Xeral de Transportes e que tamén houbera un problema engadido da nova segregación de Renfe, e que en Madrid estaban gastando moitos mais cartos no tema do tren de alta velocidade que en temas deste tipo e polo tanto había tamén ese problema engadido, de todas maneiras quedou comprometida a mandar xa ao día seguinte un escrito con esa memoria valorada e con informe favorable para que se incluíra en Madrid nese organismo tripartito.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín, quen unha vez concedido manifesta que no tema dos camiños non é unha inquedaanza do PSOE soamente senón que o BNG tamén a ten e si os camiños se puideran aglomerar moito mellor pero non se pode pola cantidade de cartos que custan, debe andar o asfaltado nun tercio do aglomerado aproximadamente, pero si se puidera se iría a aglomerados, cre que é de destacar as partidas importantes que se destinan a amaño e conservación de camiños e este ano sen ir mais lonxe estase a executar unha partida de Medio rural de 150 mil euros, esta outra de 110 mil en camiño e cre que é importante, e dicía o Sr. Puentes, que algún camiño que tiña aglomerado que se lle botou asfalto, cre que non é así, pero si entendeu mal que lle corrixa. En canto ao escombro das Cañotas está avisada a empresa, aquilo é un terreo particular pero están avisados para retiralo de alí.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Martínez González quen, unha vez concedido manifesta que en canto á motobomba mandouse a solicitude para esa motobomba pequena e o que pasa é que fixeron un requirimento para mandar mais documentación, se enviou e de momento non hai comunicación ningunha, si quere dicir que a outra motobomba grande está operativa e xa puxo en contacto a Consellería de Medio Rural para o tema do convenio de conraíncendios deste ano pero da pequena de momento non saben nada.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que quere facer un rogo á Alcaldía relativo ao tema do urbanismo, xa que non sabe as razóns do porque nas licenzas de nova construción neste Concello, que unha das condicionantes que se plantexan e que vai ligado á licenza é que por parte do que constrúe, unha vez que inicie a construción ten que haber un cartel que indique que órgano lle concede a licenza, a licenza correspondente, o proxecto, etc., e non sabe as razóns do porque hai edificios multifamiliares en Fene que poñen o cartel de se vende pero non o cartel de cando se concedeu a licenza nin quen a concedeu, polo que insta á Alcaldía, primeiro si ten algunha explicación a iso e por outra parte lle gustaría que instara aos servizos da oficina técnica e en todo caso da Policía Local a que fixeran un seguimento e polo tanto obrigar ás novas construcións que estanse a levar a cabo que por parte do constructor se faga efectiva este condicionante da propia licenza e que conste a data da mesma, quen a concedeu, o valor do proxecto, etc.

O Sr. Pico Sanmartín resposta que iso xa foi tratado nunha comisión e se avisou á Policía Local para que miraran o tema e a día de hoxe non ten ningún informe da Policía ao respecto, que o requirirá novamente, e en todo caso na vindeira comisión mirará que obras son.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que dende o Partido Popular tamén tiñan o rogo que se fixo anteriormente dos camiños que lle chega dende algúns veciños de Conces de Arriba de que efectivamente se bota aglomerado superficial e os coches o barren, déixanse as cunetas sen limpar e piden que non se fagan esas actuacións que en vez de favorecer prexudican aos veciños. Tamén quere dicir que no parque Rosalia meteron un tractor para sacar as ramas que se podaron, as rodeiras quedaron alí e a zona verde está bastante deteriorada. Tamén quere preguntar si se sabe algo duns rapaces que andan apedrando á xente, rompendo as bolsas do lixo e casualmente na escaleira que baixa pola parte de atrás do Mundial baleiraron imaxina que aceite de coches ou algo, así é que aquela escaleira rogaría se limpara porque está moi perigoso.

O Sr. González Vizoso manifesta que no tema de aglomerado e asfaltado, o criterio que se seguiu ata agora foi, e que lle parece correctísimo ademais, de utilizar aglomerado naqueles camiños que xa teñen o ancho do plan, porque aglomerar camiños que actualmente non se adaptan ao plan, son camiños de antes do 85, ese é o criterio que se sigue, hai unhas directrices en canto á selección deses camiños e cre que é correcta porque metera aglomerado nun camiño de tres metros parécelle unha verdadeira barbaridade, non ten sentido, iso hai que pensalo.

A Sra. Martínez Sánchez pide a palabra para contestar sobre o tema de apedramento e rotura das bolsas do lixo que xa se estivo en contacto a Policía e a Garda civil para que controlara eses temas, que son problemas que se dan os fins de semana ou festivos, que se trata de rapaces menores de idade, son noviños, que están practicamente todos controlados e esperan que sexa unha cousa puntual. O das escaleiras non tiña coñecemento pero que se mandarán aos de servizos alí para que a limpen polo perigo que ten.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen unha vez concedido manifesta que lle trasladaron fixera a petición de que cando se fagan os camiños e sobre todo cando teñen moita pendente que se lles poña unha sinal de grava solta ou calquera.

O Sr. Pico Sanmartín contesta que dentro das condicións que levan no plan de seguridade os camiños vai a de sinalización por suposto dos camiños, si algún camiño ten algún problema deste tipo e non está sinalizado correctamente si calquera persoa ten algún accidente ten o dereito a reclamar por suposto, os camiños teñen que estar sinalizados como marca o plan de seguridade que presentan.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezoito horas e vintecinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e prace,
Alcalde-presidente

A secretaria acctal.,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnosó.

Asdo.: María del Pilar Acebes Ruano.